



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Convocatoria e bases para a cobertura de persoal laboral fixo-descontinuo, en quenda libre, de vinte e oito (28) prazas de socorristas praia (OEP 2024)

Convocatoria e bases para a cobertura de persoal laboral fixo-descontinuo, en quenda libre, de vinte e oito (28) prazas de Socorrista praia (Grupo profesional: V), incluídas na Oferta de Emprego Público Ordinaria do Concello de Carballo para o ano 2024.

ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldía núm. 3295/2025 do 07/11/2025, aprobáronse as Bases Xerais e Bases Específicas que regularan a convocatoria pública e o proceso selectivo para a cobertura de persoal laboral fixo-descontinuo, en quenda libre, de vinte e oito (28) prazas de Socorrista praia (Grupo profesional: V), incluídas na Oferta de Emprego Público Ordinaria do Concello de Carballo para o ano 2024.

De conformidade co disposto na base sexta das bases reguladoras desta convocatoria, o prazo de presentación de instancias é de **vinte (20) días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

BASES XERAIS E BASES ESPECÍFICAS QUE REGULARÁN A CONVOCATORIA PÚBLICA E O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PERSOAL LABORAL FIXO-DESCONTINUO, EN QUENDA LIBRE, DE VINTE E OITO (28) PRAZAS DE SOCORRISTA PARA A UNIDADE DE SALVAMENTO E SOCORRISMO ACUÁTICO QUE PRESTARA SERVIZO NAS PRAIAS DO CONCELLO DE CARBALLO, INCLUÍDAS NA OEP 2024 ORDINARIA.

Expte. 2025/E001/000005. SOCORRISTAS PRAIAS. LABORAL FIXO-DESCONTINUO.

1. OBXECTO

Estas bases teñen por obxecto a regulación dos aspectos xerais e específicos da convocatoria e do proceso selectivo para a cobertura de persoal laboral fixo-descontinuo, en quenda libre, de vinte e oito (28) prazas de Socorrista praia (Grupo profesional: V), incluídas na Oferta de Emprego Público Ordinaria do Concello de Carballo para o ano 2024, aprobada por acordo da Xunta do Goberno Local en sesión ordinaria do día 20/05/2024, e publicada no BOP da Coruña núm. 105, do 31/05/2024 (Expte. 2024/E003/000001).

As características das prazas obxecto desta convocatoria son as que seguen (inclúense as titulacións e nivel de CELGA ou equivalente esixidos):

Grupo	NO PRAZAS	DENOMINACIÓN	ACCESO	TITULACIÓN ESIXIDA	FORMACIÓN ESPECÍFICA	CELGA ou equivalente
V	28	SOCORRISTA PRAIAS	LIBRE	Non requirida	Tit. Rexistro Autonómico espazos acuáticos naturais	CELGA 2

Desta convocatoria derivarase, tamén e segundo o previsto na base décimo quinta a creación dunha listaxe de substitucións que terá por obxecto habilitar unha listaxe de aspirantes á que se acudirá nos supostos legais procedentes e con suxeición ás modalidades de emprego temporal correspondentes, para futuras e xustificadas incorporacións de persoal temporal con equivalente condición profesional á do persoal seleccionado nesta convocatoria e proceso selectivo.

2. PUBLICIDADE

As Bases reguladoras do proceso selectivo publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal).

O anuncio da convocatoria publicarse no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

3. SISTEMA SELECTIVO

O sistema selectivo será o de concurso – oposición.

4. RÉXIME NORMATIVO APLICABLE

A correspondente convocatoria e proceso selectivo rexeráse polo disposto nas presentes bases, e en todo o non previsto por elas, pola seguinte normativa:

- A Constitución Española.
- Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.
- Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril de 1985, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público.
- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen as equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada mediante a Orde EDU/520/2011, de 7 de marzo.
- Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), modificada mediante a Orde do 10 de febreiro de 2014.
- Ordenanza para o impulso social da lingua galega no Concello de Carballo.
- Convenio colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Carballo.
- Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

5.1. Para ser admitido/a na realización das probas deste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Nacionalidade.

Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 57 do TREBEP e no artigo 52 da LEPG, no suposto de acceso ao emprego público de persoas nacionais doutros Estados, permita o acceso ao emprego público, e iso sen prexuízo das especialidades contempladas no artigo 57.2 do TRLEBEP e no artigo 52.1, letras c) e d), da LEPG.

b) Idade.

Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Capacidade funcional.

Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira.

As persoas con discapacidade compatible coas tarefas e funcións correspondentes á praza convocada, poderán concorrer ao proceso selectivo en igualdade que o resto das persoas aspirantes, coas adaptacións, de ser o caso, necesarias para o desenvolvemento do dito proceso. Para tal efecto aplicarase o establecido na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, e o tribunal poderá requirir a emisión dun informe ou a colaboración doutros órganos administrativos ou da administración sanitaria.

O día da realización do primeiro exercicio da fase de oposición (probos físicas) aportarase o certificado médico no que se faga constar de maneira clara e lexible, o nome, apelidos e DNI do aspirante, nome, apelidos, número de colexiado e firma do profesional sanitario que emite o certificado, lugar e data de emisión do certificado no que se indique que o/a aspirante reúne as condicións físicas precisas para realizar as probas físicas previstas nestas convocatorias. A falta de presentación de este certificado, dará lugar á exclusión da persoa aspirante.

d) Habilitación.

Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional a cal se pertencía. Idéntico requisito seralles esixido aos nacionais doutros Estados, no seu caso.

e) Compatibilidade.

Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

f) Titulación.

Non requirida.

g) Profesionalidade.

Estar inscrito no Rexistro Profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia (sección: socorristas en espazos acuáticos naturais), de conformidade co Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional de actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

En defecto de inscrición, ter presentada a solicitude de inscrición no citado Rexistro Profesional, sempre que, neste caso, desde a data de presentación da solicitude non teña transcorrido o prazo de tres (3) meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para ditar resolución expresa. Neste caso deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia de dita solicitude de inscrición no Rexistro Profesional así como da documentación acreditativa da formación mínima esixible para a inscrición na sección de socorristas en espazos acuáticos naturais á que se refire o artigo 4.2 do dito Decreto 152/2021.

h) Galego.

Estar en posesión do certificado acreditativo/xustificativo que acredite o nivel de coñecemento da lingua galega, CELGA 2 ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007 e na Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da LEPG os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega requirido, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, de conformidade ao previsto na base undécima da convocatoria, e que cualificará ao/á aspirante como APTO ou NON APTO.

5.2. As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos nos apartados anteriores o día no que remate o prazo de presentación das solicitudes e mantelos durante todo o proceso selectivo e ata o momento, no seu caso, da contratación como persoal laboral fixo-descontinuo.

6. SOLICITUDES

6.1. As solicitudes para tomar parte nesta convocatoria faranse mediante instancia dirixida ao Sr. alcalde do Concello de Carballo na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base quinta desta convocatoria, referidos sempre ao día en que remate o prazo de presentación de instancias.

6.2. As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPACAP).

Se conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral do Concello de Carballo será a que se teña en conta a tódolos efectos. Deberase mandar xustificante de envío da presentación de instancias a través das oficinas de correo postal ao correo electrónico: xestiondepersoal@carballo.gal dentro do prazo máximo de presentación de instancias.

6.3. As persoas aspirantes deberán cubrir con exactitude o modelo específico de solicitude de admisión a probas selectivas.

Achégase modelo – tipo de solicitude de participación como Anexo II destas bases.

6.4. O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6.5. Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os aspirantes acompañarán, inescusablemente, a seguinte documentación:

- a) DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.
- b) Xustificante da inscrición no Rexistro Profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia (sección: socorristas en espazos acuáticos naturais), ou, en defecto de inscrición, solicitude de inscrición no citado rexistro, segundo o sinalado no apartado g) da base quinta desta convocatoria.
- c) Declaración responsable na que consten os seguintes extremos:
 - c.1. Que se posúen as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas propias do posto de traballo obxecto da presente convocatoria. (O día da realización do primeiro exercicio da fase de oposición (probas físicas) aportarse o certificado médico no que se faga constar de maneira clara e lexible, o nome, apelidos e DNI do aspirante, nome, apelidos, número de colexiado e firma do profesional sanitario que emite o certificado, lugar e data de emisión do certificado no que se indique que o/a aspirante reúne as condicións físicas precisas para realizar as probas físicas previstas nestas convocatoria. A falta de presentación de este certificado, dará lugar á exclusión da persoa aspirante).
 - c.2. Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.
 - c.3. Non atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- d) Relación de méritos (índice dos mesmos) xunto coa documentación xustificativa destes.

Só se terán en conta para a fase de concurso os méritos debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de solicitudes; non serán obxecto de toma en consideración e valoración os que se acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo, que serán considerados como achega de nova documentación fora de prazo. A falta de acreditación dos méritos non será emendable e xerará a non valoración dos mesmos.
- e) Xustificante acreditativo de ter ingresado na Tesourería Municipal a cantidade de dezoito euros (18,00 €) en concepto de dereitos de exame, consonte á Ordenanza Fiscal núm.26, reguladora da taxa por prestación de servizos administrativos en procesos selectivos de persoal (en diante OF 26).

Este importe deberá facerse efectivo mediante ingreso nalgunha das seguintes contas municipais indicando, en todo caso, os datos persoais da persoa aspirante e a praza á que se opta:

ABANCA ES96 2080 0019 5031 1000 0019 - CAIXABANK ES57 2100 2322 4002 0001 3249

A ausencia do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e non poderá ser obxecto de emenda. En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

Consonte ao disposto no artigo 6 da OF 26 establécese, en virtude do artigo 24.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, unha bonificación do 100% da cota tributaria da taxa en concepto de dereitos de exame para aqueles suxeitos que cumpran todos e cada un dos requisitos indicados no artigo 6.1 da OF 26; para a concesión da dita bonificación os interesados deberán presentar xunto coa instancia de solicitude de admisión ás probas os documentos indicados no artigo 6.2 da OF 26.

[Ordenanza Fiscal núm. 26: <https://sede.dacoruna.gal/subtel/ordenanzas/ordenanza/4100>]

En todo caso, o suxeito pasivo estará obrigado a facer constar a petición da bonificación xunto coa solicitude de admisión ás probas, debendo ingresar previamente a cota tributaria íntegra. A bonificación será concedida, no seu caso, posteriormente, procedendo, se fora o caso, á devolución dos ingresos, sen dereito á percepción de intereses de demora.

- f) No caso de solicitar a exención da realización da proba de coñecemento do idioma galego as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude:

Documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate de presentación de solicitudes, do nivel de coñecemento da lingua galega requirido, CELGA 2 ou título equivalente, debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación.

A dita acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua Galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos previstos na Orde de 16 de xullo de 2007, e na Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega).

6.6. Segundo ao artigo 17.2.d) da Ordenanza para o impulso social da lingua galega no Concello de Carballo, as probas selectivas faranse en lingua galega e distribuiranse por defecto nesta lingua a todas as persoas candidatas, sen prexuízo de que os/as participantes nas probas poidan realizar os seus exercicios noutra lingua oficial. As persoas que queiran copia das probas noutra lingua oficial poderán solicitala expresamente con antelación.

6.7. As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual o superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude e, de conformidade co establecido nestas bases, achegar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición, así como a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Así mesmo, poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria. Debendo advertir, asemade, xunto coa solicitude, se precisan dalgún tipo de adaptación nas probas a desenvolver.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán achegar coa solicitude:

- Certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, ou aqueloutro órgano competente ao efecto, que acredite tal condición; debendo achegar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria competente, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

6.8. As persoas aspirantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten reservándose o concello a facultade de exixir a responsabilidade oportuna no caso de falsidade na documentación achegada.

6.9. Coa presentación da instancia para tomar parte nesta convocatoria entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria, así como o consentimento do/a solicitante para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de que se trate, incluída, a listaxe de reserva.

Así mesmo, os/as solicitantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios electrónico e, de ser o caso, na páxina web do concello para todo o relacionado con este proceso selectivo.

6.10. A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

6.11. No marco da vixente normativa de protección de datos, os datos contidos na solicitude serán obxecto de tratamento automatizado polo Concello de Carballo coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento, sendo o seu cumprimento obrigatorio para a admisión na presente convocatoria.

Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais, publicarase conforme a forma determinada na Disposición Adicional Sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O Concello será o responsable do tratamento destes datos. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Carballo, enviando unha solicitude por escrito, acompañada do DNI, dirixida ao Concello de Carballo, Praza do Concello s/n, 15100, Carballo ou ao correo electrónico: dpd@carballo.gal. ou de forma presencial en calquera dos lugares establecidos na LPACAP. Pode consultar a información adicional e detallada sobre a Protección de Datos solicitándoa ao correo electrónico: dpd@carballo.gal.

7. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, indicando as causas de exclusión en cada caso. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo concedendo un prazo de dez (10) días hábiles para emendar as deficiencias que sexan emendables, contado desde o día seguinte á devandita publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Quen dentro do prazo sinalado, non emende os defectos xustificando o seu dereito a ser admitido/a, será definitivamente excluído/a do proceso desta convocatoria.

Rematado o prazo de reclamacións, a Alcaldía ditará nova resolución, aceptando ou rexeitando as alegacións/emendas presentadas e elevando a definitiva a listaxe provisional de aspirantes ou corrixíndoa se existen modificacións como consecuencia de reclamacións. Esta resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo. No caso de non existir deficiencias a emendar, ditarase resolución declarando a listaxe de persoas admitidas e excluídas definitiva, e procederase a publicala no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo.

A publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña iniciará o cómputo dos prazos para os efectos de posibles impugnacións ou recursos.

Na mesma resolución poderá incluírse a designación nominal do tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como, o inicio do proceso selectivo (que se iniciará coa fase de concurso).

8. TRIBUNAL CUALIFICADOR

8.1. O tribunal cualificador é o órgano colexiado de carácter técnico, profesional e especializado, encargado do desenvolvemento e cualificación das probas selectivas, que actuará con estrita independencia ante calquera posible inxerencia.

O órgano de selección actuará con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros serán persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da presente convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

Os seus membros velarán por garantir, en todo momento, a obxectividade e a transparencia do proceso selectivo e o cumprimento tanto das bases desta convocatoria coma das demais normas de aplicación.

A pertenza o tribunal será sempre a título individual sen que poida ostentarse en representación ou por conta de ninguén (artículo 60 TREBEP).

8.2. A composición do tribunal cualificador responderá ao principio de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuarase ao criterio de paridade entre muller e home. O seu funcionamento axustarase ás regras de imparcialidade e obxectividade.

Será nomeado polo órgano convocante, estará formado por un número impar de membros, en número non inferior a cinco (5), designándose o mesmo número de suplentes, e estará composto por:

- a) Un/unha presidente/a.
- b) Polo menos, 3 Vogais.
- c) Un/Unha secretario/a.

8.3. Todas as persoas que compoñan o tribunal cualificador deberán ter a condición de funcionarias de carreira ou persoal laboral fixo e na súa composición velarase polo cumprimento do principio de especialidade. A totalidade dos membros deberá posuír unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo do posto da presente convocatoria. Ademais, en ningún caso o tribunal poderá estar formado maioritariamente por funcionarios ou persoal laboral fixo pertencentes ao mesmo corpo ou escala da praza convocada.

8.4. O tribunal poderá dispoñer a incorporación, nos supostos en que así o estime oportuno (previo acordo formal adoptado ao respecto), e aos efectos da asistencia/colaboración na súa actuación e/ou traballos propios, de asesores especialistas, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconsellen; que actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas/profesionais en base ás cales foran requiridos para o dito asesoramento.

Así mesmo, o órgano de selección poderá valerse de persoal colaborador durante o desenvolvemento material dos exercicios.

8.5. Todas as persoas integrantes do Tribunal terán voz e voto.

8.6. En ningún caso poderán formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual e as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

8.7. O réxime xurídico aplicable ó tribunal cualificador axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en diante LRXSP). Deste xeito, o tribunal poderase constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos ou remitir actas tanto de forma presencial como a distancia. Nas sesións que celebre o tribunal a distancia os seus membros poderán atoparse en distintos lugares sempre e cando se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén como tales os telefónicos e audiovisuais, a identidade dos membros ou persoas que as suplan legalmente, o contido das súas manifestacións, o momento nas que estas se produzan, así como a interactividade e intercomunicación en tempo real entre eles e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión.

8.8. Os membros do tribunal absteranse de intervir, e o comunicarán á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas, ao efecto, na normativa reguladora de réxime xurídico das Administracións Públicas, artigo 23 da LRXSP. Nos casos en que por mor da existencia de recusacións ou abstencións aceptadas sexa preciso alterar a composición do tribunal a resolución que se dite deberá publicarse na forma indicada para as resolucións referidas na base anterior, pero poderá prescindirse da publicación no BOP cando non se garanta que esta é anterior á data sinalada para o inicio do proceso selectivo.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusalos de acordo có disposto nos artigos 23 e 24 da LRXSP.

8.9. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, a lo menos, de tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente), debendo estar presentes en todo caso o presidente/a e o/a secretario/a ou persoa en quen delegue. Cada membro suplente actuará en substitución da persoa titular respectiva cando esta non poida asistir á correspondente sesión do órgano de selección.

De todas as reunións que celebre o tribunal a persoa que exerza a Secretaría redactará a correspondente acta.

8.10. Sempre que así o acorde o Tribunal de Selección no caso de ser necesaria a realización de sorteos de desempate entre dúas persoas aspirantes ou para a pública apertura dos sobres cos códigos identificativos das persoas aspirantes, esta poderase realizar coa soa presenza de, a lo menos, dous dos membros do Tribunal, sendo un deles obrigatoriamente a persoa que exerza as funcións de Secretaría.

8.11. O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e/ou cuestións que se susciten ao respecto da aplicación e/ou interpretación das normas contidas nestas bases, así como nos supostos non previstos nas mesmas (recadando, no seu caso, a emisión de informe e/ou opinión especializada por parte dos asesores que, ao efecto, poidan ter sido requiridos).

8.12. Os membros concorrentes ás sesións do tribunal, e para os efectos de percepcións de asistencias, se clasificarán consonte o disposto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo (e demais normativa concordante e/ ou substitutiva).

8.13. En todo o non previsto nas presentes bases, o procedemento de actuación do tribunal axustarase ao establecido na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados.

9. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

9.1. O sistema selectivo empregado será o concurso–oposición, que constará dunha fase de oposición obrigatoria e eliminatoria e dunha fase de concurso, obrigatoria e non eliminatoria. A fase de concurso desenvolverase con carácter previo a fase de oposición.

9.2. Os exercicios da fase de oposición serán de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes, sen prexuízo da proba específica de coñecemento de lingua galega, que só será obrigatoria para quen non acredite estar en posesión do nivel requirido, CELGA 2 ou equivalente.

9.3. Concluída cada unha das correspondentes fases, concurso e oposición, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo a relación de aspirantes que superasen o proceso, indicando a puntuación obtida.

9.4. A orde de actuación dos/as aspirantes iniciárase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra “F”, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda do 21 de xaneiro de 2025, pola que se publica o resultado do sorteo celebrado o día 21/01/2025 (DOG nº 16 do 24/01/2025) ao que se refire o artigo 9 o Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Co-

munidade Autónoma de Galicia. De non contar con aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciárase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

9.5. As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único. A non presentación de calquera persoa aspirante a calquera dos exercicios obrigatorios no momento de ser chamada determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar nese e nos sucesivos, quedando, en consecuencia, excluída do procedemento selectivo, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal así como no suposto de aspirantes embarazadas ou en período de parto ou postparto debidamente acreditados.

Nestes casos, a realización dos exercicios non poderá conlevar unha demora que menoscabe o dereito do resto das persoas aspirantes a unha resolución do proceso axustada a tempos razoables, o que deberá ser valorado polo Tribunal. En todo caso, a realización das probas selectivas terá lugar antes da publicación da lista de aspirantes que superaron o proceso selectivo.

Así pois, as mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das 48 horas seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano competente aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas as dúas medidas conxuntamente. Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

9.6. Os días de celebración dos exercicios do proceso selectivo as persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou de documento fidedigno que acredite a súa identidade.

O órgano de selección poderá requirir, en calquera momento do proceso selectivo, a acreditación da identidade das persoas aspirantes. Así mesmo, en calquera momento do procedemento, se o órgano de selección tivese coñecemento de que algunha das persoas aspirantes non cumpre calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, deberá propoñer a súa exclusión á autoridade que convoca, ou no seu caso poñerá en coñecemento da mesma que puidese concorrer esta circunstancia para que, previas as comprobacións necesarias, resolva ao respecto.

O día da realización do primeiro exercicio da fase de oposición (probas físicas) aportarase, ademais, o certificado médico no que se faga constar de maneira clara e lexible, o nome, apelidos e DNI da persoa aspirante, nome, apelidos, número de colexiado e firma do profesional sanitario que emite o certificado, lugar e data de emisión do certificado no que se indique que o/a aspirante reúne as condicións físicas precisas para realizar as probas físicas previstas nestas convocatorias. A falta de presentación de este certificado, dará lugar á exclusión da persoa aspirante.

9.7. En calquera momento do proceso selectivo os órganos competentes de selección poderán requirir as persoas aspirantes para que acrediten a súa identidade.

9.8. Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos/as aspirantes non cumpre tódolos requisitos esixidos pola presente convocatoria, previa audiencia a/ao interesada/o, deberá propoñer a súa exclusión a concellaría delegada competente, indicando as inexactitudes ou falsidades formuladas polo/a aspirante na solicitude de admisión a estas probas selectivas, aos efectos procedentes.

9.9. Os aparellos electrónicos (teléfonos móbiles, axendas, auriculares, etc) están prohibidos dentro da sala onde teña lugar a proba teórica tipo test e, no seu caso, o exercicio de galego. O son dun aparello electrónico permitirá ao tribunal solicitar o baleirado de bolsas, mochilas e pezas de roupa para a súa localización. A negativa á petición do tribunal ou á localización do aparello provocarán a expulsión do/a opositor/a da proba e non se procederá á corrección do seu exercicio.

9.10. Na realización e corrección dos exercicios escritos garantirase o anonimato, podendo utilizar o tribunal os medios que considere oportunos. O Tribunal excluírá a aqueles candidatos/as en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do/a opositor/a.

9.11. Unha vez comezado o proceso selectivo, os anuncios de celebración dos sucesivos exercicios faranse públicos, polo menos, con 24 horas de antelación á sinalada para o seu inicio. Estes anuncios os difundirá o Tribunal cualificador no taboleiro de anuncios electrónico do concello así como a través de calquera outro medio que se xulgue adecuado para facilitar a súa máxima divulgación.

9.12. Unha vez realizada a proba física, publicarase o seu resultado no taboleiro de anuncios electrónico. O prazo de alegacións será de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación.

9.13. No exercicio tipo test, o Tribunal publicará no taboleiro de anuncios electrónico do concello a relación provisional de respostas correctas ás preguntas formuladas, incluídas as de reserva, co fin de que os/as interesados/as poidan presentar reclamacións, no seu caso, durante o prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación.

No suposto en que se anule por parte do Tribunal algunha/as das preguntas formuladas no citado exercicio, de oficio ou con base nas referidas reclamacións, publicarase igualmente o seu acordo ao respecto no taboleiro de anuncios electrónico do concello, substituíndo correlativamente a/as preguntas anulada/as polas que figuren de reserva, así como a correspondente resposta válida.

Unha vez transcorrido o prazo sen presentarse alegacións, ou resoltas estas por parte do tribunal, publicaranse a relación definitiva de respostas e as cualificacións do exercicio, relacionadas co seu código; os códigos identificativos de cada aspirante asignaranse na data que se indique; unha vez identificadas as persoas aspirantes co seu código, comezará o cómputo do prazo de cinco días hábiles para formular alegacións, que serán resoltas polo tribunal.

9.14. Calquera referencia normativa do temario entenderase referida ás disposicións legais vixentes na data de realización dos exercicios.

As normas de dereito positivo relacionadas no temario das convocatorias que fosen derogadas parcial ou totalmente serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite da data de realización dos exercicios.

10. PRIMEIRA FASE DO PROCESO SELECTIVO: FASE DE CONCURSO (máx. 40 puntos)

Con carácter previo a fase de oposición, realizarase a fase de concurso.

A fase de concurso consistirá na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos sinalados a continuación, alegados e xustificados polas persoas aspirantes, e na mesma poderase obter ata unha puntuación máxima de 40 puntos.

Para a valoración acompañarase relación (índice) dos méritos que se aleguen, unindo á dita relación os documentos acreditativos daqueles, pois non se tomarán en consideración nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados no prazo de presentación de solicitudes.

O tribunal elaborará unha listaxe das puntuacións outorgadas aos aspirantes nesta fase de concurso, que se fará pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo.

As persoas aspirantes poderán presentar as reclamacións, alegacións, que consideren oportunas no prazo de cinco (5) días hábiles contados desde o día seguinte á publicación da súa puntuación na sede electrónica do Concello de Carballo.

A falta de acreditación dos méritos non será emendable e xerará a non valoración dos mesmos.

Transcorrido este prazo, o tribunal resolverá as posibles alegacións e no caso de non existir, consideraranse definitivas as puntuacións outorgadas na fase de concurso proseguindo o proceso, sen prexuízo dos recursos que procedan a criterio e mellor defensa dos intereses dos/as aspirantes.

Os méritos a valorar son os seguintes:

1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL: Ata un máximo de 30 puntos.

- Por cada mes de servizo en espazos acuáticos naturais en posto de socorrista acuático: 2,00 puntos por cada mes completo, ata un máximo de 30 puntos.

Os servizos antes sinalados serán xustificados mediante informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de certificado da empresa ou dos contratos, especificando a categoría profesional e o tempo traballado.

Non se computarán os períodos inferiores a un mes, considerándose a estes efectos os meses de 30 días. En todos os casos deberá aportarse informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social actualizado.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional, salvo que a persoa aspirante acredite que foron servizos prestados durante o período en que se goce dunha redución de xornada por algunha das causas legalmente previstas por conciliación da vida familiar e laboral, que serán valorados como servizos prestados en réxime de xornada completa. Para estes efectos considéranse servizos efectivos os prestados en situación de servizos especiais e de excedencia por coidado de fillos/as e familiares, excedencia por razón da violencia de xénero e excedencia por razón de violencia terrorista.

Os servizos prestados en administracións públicas deberán xustificarse mediante certificación de servizos prestados e certificado de funcións asignadas, onde constará a denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocuparan e a relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño dos postos coa administración pú-

blica correspondente. Os méritos relativos aos servizos prestados no Concello de Carballo deberán alegarse coa solicitude, con indicación dos períodos de servizos prestados e serán comprobados polo Servizo de Recursos Humanos.

A experiencia profesional en empresas públicas para traballadores/as asalariados/as en actividades profesionais relacionadas co posto de traballo convocado deberán xustificarse mediante os contratos de traballo e prorrogas dos mesmos ou certificación da empresa pública onde se houbera adquirido a dita experiencia profesional, na que conste especificamente a duración dos períodos de prestación do contrato, a actividade desenrolada e o intervalo de tempo no que se realizou a actividade.

2.- FORMACIÓN: Ata un máximo de 3 puntos.

1. Licenciatura ou grao en medicina ou en ciencias da actividade física e o deporte: 3 puntos. (so se valorará unha titulación).

Será preciso achegar, dentro do prazo de presentación de instancias, a documentación que acredite a formación.

2. Técnico superior en actividades físicas e animación deportiva, Técnico Superior en Ensinanza e Animación Socio-deportiva ou Técnico Superior en Acondicionamento Físico: 2 puntos. (so se valorará unha titulación).

Será preciso achegar, dentro do prazo de presentación de instancias, a documentación que acredite a formación.

3. Diplomatura universitaria en enfermaría, grao de enfermería ou formación profesional de técnico/a en emerxencias sanitarias: 1 punto. (so se valorará unha titulación).

Será preciso achegar, dentro do prazo de presentación de instancias, a documentación que acredite a formación.

A valoración da titulación académica non é acumulativa. De presentarse máis dun título atenderase ao de maior nivel.

3.- OUTROS MÉRITOS: Ata un máximo de 7 puntos

1. Certificación individual de formación para o uso de desfibrilador externo, que deberá estar recoñecida polo Consello Español de Resucitación Cardiopulmonar (CERCP) a través da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, ou doutra entidade equivalente no caso de persoal formado noutra comunidade autónoma ou noutro estado. So se valorará de estar en vigor (dous anos: Decreto 38/2017 da Consellería de Sanidade, do 23 de marzo, polo que se regula a instalación e o uso de desfibriladores externos fóra do ámbito sanitario, e se crea o seu rexistro): 3 puntos.

Será preciso achegar, dentro do prazo de presentación de instancias, o certificado que acredite a formación.

2. Estar en posesión do título de Patrón de Navegación Básica ou Patrón de Embarcacións de Recreo (PER): 3 puntos.

Será preciso achegar, dentro do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa do título (so se valora un).

3. Coñecemento do idioma inglés: máximo 1 punto:

- Nivel B2: 0,5 puntos.
- Nivel C1 ou superior: 1 punto.

A valoración do coñecemento do idioma inglés non é acumulativa. De presentarse máis dun título atenderase ao de maior nivel.

Será preciso achegar, dentro do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa da formación.

11. SEGUNDA FASE DO PROCESO SELECTIVO: FASE DE OPOSICIÓN (máx. 60 puntos)

Rematada a fase de concurso, procederase a realizar a fase de oposición.

A fase de oposición consistirá na realización dos exercicios sinalados a continuación e na mesma poderase obter ata unha puntuación máxima de 60 puntos.

Os exercicios da fase de oposición serán de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes, sen prexuízo da proba específica de coñecemento de lingua galega, que só será obrigatoria para quen non acredite estar en posesión do nivel requirido, CELGA 2 ou equivalente.

Concluído cada un dos exercicios da fase de oposición, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo a relación de aspirantes que o superasen indicando a puntuación obtida. Estarase ao disposto, en canto ao outorgamento dun prazo de alegacións, ao disposto na base 9.12 e 9.13. As persoas aspirantes non incluídas na listaxe terán a consideración de non aptas.

Non poderán superar a fase de oposición nin, consecuentemente, o proceso selectivo, aquelas persoas aspirantes que non teñan superado a totalidade dos exercicios que son obrigatorios. Así, as persoas aspirantes que non superen algún dos exercicios obrigatorios quedarán eliminados/as do proceso selectivo.

Para garantir o anonimato os aspirantes realizarán, de ser posible, os exercicios identificados cun código alfanumérico aleatorio que coincidirá co que identifique unha ficha co seu nome, apelidos e DNI e que introducirán nun sobre pechado que se identificará con ese mesmo código.

As probas selectivas faranse en lingua galega sen prexuízo de que as persoas aspirantes poidan realizar os seus exercicios noutra lingua oficial. Neste caso, as persoas que queiran copia das probas noutra lingua oficial solicitarana expresamente coa antelación debida e por escrito, de conformidade co artigo 17.d) da Ordenanza para o impulso da lingua galega no concello de Carballo (BOP núm.226 do 27/11/2013).

11.1. PRIMEIRO EXERCICIO. PROBAS FÍSICAS: Ata un máximo de 40 puntos.

De carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes.

Para a realización deste exercicio da fase de oposición, as persoas aspirantes serán convocadas en chamamento único, aínda que o mesmo poida ter que ser desenvolvido en varias sesións.

As persoas aspirantes deberán asistir provistas do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.

O día da realización deste exercicio aportarase o certificado médico no que se faga constar de maneira clara e lexible, o nome, apelidos e DNI do/a aspirante, nome, apelidos, número de colexiado e firma do/a profesional sanitario que emite o certificado, lugar e data de emisión do certificado no que se indique que o/a aspirante reúne as condicións físicas precisas para realizar as probas físicas previstas nestas convocatorias. A falta de presentación de este certificado, dará lugar á exclusión da persoa aspirante.

Este exercicio consistirá na superación de catro probas de aptitude física, pertinentes para a comprobación da existencia da capacidade necesaria para as funcións a realizar no posto convocado e cualificaranse como APTO/A ou NON APTO/A. Estas probas serán:

- A – 50 MTS. RESCATE DE MANEQUÍN
- B – 100 MTS. COMBINADA DE SALVAMENTO
- C - 800 MTS. CARREIRA NA PRAIA
- D – NATACIÓN EN AUGAS ABERTAS

O desenvolvemento dos exercicios A e B rexeranse polo Regulamento da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia e celebraranse na Piscina Municipal.

Para que a realización dun exercicio sexa considerada como APTO/A, ademais de realizalo da forma que indica o regulamento, deberá executarse nos seguintes tempos:

- 50 MTS. RESCATE DE MANEQUÍN: inferior o igual a 1 minuto e 10 segundos.
- 100 MTS. COMBINADA DE SALVAMENTO: inferior o igual a 2 minutos e 15 segundos.
- 800 MTS. CARREIRA NA PRAIA: inferior o igual a 4 minutos 15 segundos.
- NATACIÓN EN AUGAS ABERTAS: consistirá en percorrer a nado unha distancia dende un punto do areal sinalado polo tribunal ata o lugar onde se atope unha boia de sinalización. Chegados ata esta, os/as aspirantes virarana segundo as agullas do reloxo, deixándoa ao seu costado dereito. O punto de saída e chegada establecerase polo tribunal cunha distancia á beiramar entre 5m - 15m dependendo do perfil da praia e da situación da marea.

Dependendo do estado do mar, o tribunal establecerá a distancia a percorrer así como o tempo máximo estimado para a realización da proba. Nesta proba os aspirantes poderán utilizar un traxe de neopreno de grosor non superior a 4 milímetros.

Os/as aspirantes que non realicen debidamente, en tempo e forma, tódalas probas, quedarán eliminados/as.

Non obstante o anterior, e sen prexuízo da cualificación da proba como apto/a e non apto/a, serán puntuados os mellores tempos acadados en cada unha das probas físicas descritas, ata un máximo de 40 puntos, segundo o detallado na táboa seguinte:

	Mellores Tempos			Tempos inferiores a				Tempo	
	1º	2º	3º	1 min	2 min	4 min	TS*	Límite	
50 m rescate de manequín	10 p	8,75 p	6 p	6 p	-	-	-	1' 10"	5 p
100 m combinada de salvamento	10 p	8,75 p	6 p	-	6 p	-	-	2' 15"	5 p
800 m carreira na praia	10 p	8,75 p	6 p	-	-	6 p	-	4' 15"	5 p
Natación en augas abertas	10 p	8,75 p	6 p	-	-	-	6 p	TS*	5 p
*TS: Tempo a determinar polo tribunal selectivo									

A puntuación por posto (do primeiro ao terceiro mellor tempo) e por tempos inferiores en cada una das probas físicas descritas non é acumulativa.

No caso de que dous ou máis aspirantes marquen o mesmo tempo e orde de chegada outorgaráselle a puntuación que corresponda ao número de orde a todos os aspirantes nos que concorra esta circunstancia.

Segundo o número de aspirantes que concorran a realización destas probas, naquelas que se realicen ao aire libre, o tribunal poderá dispoñer a súa realización en diversas quendas ou series.

11.2. SEGUNDO EJERCICIO. PROBA TIPO TEST: Ata un máximo de 20 puntos.

De carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes.

Consistirá na resolución por escrito, nun tempo máximo de corenta e cinco (45) minutos, dunha serie de corenta (40) preguntas tipo test, e cinco (5) preguntas de reserva, con catro alternativas de resposta, sendo só unha delas correcta, en relación ao contido total do temario anexo a esta convocatoria.

Este cuestionario será elaborado polo tribunal inmediatamente antes do comezo da proba.

A puntuación de cada pregunta será a seguinte:

- Cada resposta correcta outorgarase 0,50 puntos.
- Cada resposta incorrecta restaranse 0,125 puntos.
- As preguntas deixadas en branco non descontarán puntuación.

A proba cualificarase polo tribunal de cero (0) a vinte (20) puntos, sendo preciso acadar dez (10) puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. O tribunal determinará o número mínimo de respostas acertadas que se requiren para superar a proba, en función da complexidade técnica destas e das peculiaridades propias do posto convocado.

As preguntas de reserva deberán ser contestadas polas persoas aspirantes e utilizaranse para substituír aquelas preguntas do cuestionario que, de ser o caso, fosen anuladas polo tribunal, previo acordo motivado ao respecto. Neste suposto, a pregunta anulada do cuestionario terase por non formulada e será substituída pola primeira pregunta de reserva, e así sucesivamente no caso de que houbera mais dunha anulación.

Ao finalizar o exercicio as persoas aspirantes poderán levar unha copia da súa folla de respostas.

11.3. TERCEIRO EJERCICIO: PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Para a superación do proceso selectivo será preciso acreditar o nivel de coñecemento da lingua galega esixido. En cumprimento do artigo 51 da LEPG, as persoas aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido deberán realizar unha proba de coñecemento da lingua galega de carácter eliminatorio.

O exercicio de avaliación do coñecemento da lingua galega será unicamente obrigatorio para as persoas aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes, do nivel de coñecemento de galego requirido, CELGA 2 ou equivalente, segundo o sinalado no apartado 5.1.g) das presentes bases.

Esta proba cualificará a persoa aspirante como APTA ou NON APTA.

Consistirá nunha redacción en galego, nun tempo máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario, dun documento relacionado coas funcións do posto de traballo e/ou nunha proba oral dun máximo de 10 minutos.

Estas probas serán acordes ás características funcionais dos postos de traballo convocados, para demostrar unha competencia semellante á esixida para obter o certificado CELGA 2.

Correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto/a, quedando eliminadas do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que non acaden a dita cualificación.

12. CUALIFICACIÓN FINAL

12.1. Non poderán superar o proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que non teñan superado a totalidade dos exercicios obrigatorios. Cada un dos exercicios da oposición será cualificado consonte ao sinalado nas bases, sendo necesario aprobar cada un deles para acceder ao seguinte.

A puntuación e a orde de cualificación definitiva das persoas aspirantes virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos exercicios da fase de oposición á que se engadirá a puntuación obtida na fase de concurso.

En caso de empate na puntuación final prevalecerá a puntuación obtida na fase de oposición, e de persistir o empate, dirimirase pola puntuación obtida no primeiro e segundo exercicio da oposición, sucesivamente e por esta orde. De persistir o empate, dirimirase por sorteo que se realizará en presenza das persoas interesadas.

12.2. Finalizadas as probas, o tribunal fará público, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación, unha vez agregadas as dúas fases do proceso, e elevará dita relación, xunto coa acta da última sesión e a proposta de contratación, que terá carácter vinculante, á Alcaldía para que efectúe a correspondente contratación laboral.

O tribunal non poderá, en ningún caso, aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número de persoas aspirantes superior ao de prazas convocadas.

Non obstante, na acta da última sesión, incluírase unha relación complementaria cos/as aspirantes finalistas que aprobasen o proceso selectivo pero que non foran incluídos/as na proposta de nomeamento, co fin de poder ser nomeados en caso de renuncia antes do nomeamento ou toma de posesión ou imposibilidade de nomeamento, de acordo co previsto no artigo 61.8 do TREBEP.

Para os efectos previstos no punto anterior, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos ás persoas aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida ou que do seu exame se deduxa que carecen dos requisitos indicados nesta convocatoria.

O tribunal poderá declarar deserta algunha ou todas as prazas obxecto da presente convocatoria que non resulte cuberta/s á súa finalización por non superar o proceso selectivo ningún/a aspirante.

12.3 O tribunal elaborará, por orde decrecente de puntuación, unha listaxe de reserva na que figurarán aqueles aspirantes que tiveran superado o primeiro exercicio da fase de oposición, en orde decrecente de puntuación, aos efectos de poder, se así se considera, ser contratados eventualmente para cubrir provisionalmente as vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licencias regulamentarias, por incapacidade temporal, necesidades do servizo, etc., En todo caso terán preferencia os/as aspirantes con maior número de exercicios aprobados. Os posibles empates na puntuación dos/as aspirantes que haxan de formar parte de dita lista de espera serán dirimidos antes da publicación da listaxe, atendendo á orde alfabética, de acordo coa letra á que se refire a base 9.4.

13. ACREDITACIÓN DOS REQUISITOS ESIXIDOS

No prazo máximo de vinte (20) días hábiles, contados desde o día seguinte a publicación das listaxes de aprobados/as no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo, as persoas aspirantes propostas para a contratación deberán presentar a documentación xustificativa do cumprimento das condicións de capacidade e dos requisitos esixidos nesta convocatoria, agás que xa figuren no expediente:

- Inscripción no Rexistro Profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia (sección: socorristas en espazos acuáticos naturais), ou en defecto de inscrición, a solicitude de inscrición no citado rexistro, segundo o sinalado no apartado g) da base quinta desta convocatoria.
- Documentación orixinal dos méritos que fosen alegados e valorados no concurso para o seu cotexo coa documentación presentada xunto coa solicitude participación no proceso selectivo.
- Declaración xurada de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade referido ao momento da súa toma de posesión.
- Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.

Esta documentación presentaranse, preferentemente por vía electrónica, mediante escrito, rexistrado e dirixido ao Servizo de Persoal do Concello de Carballo. Poderá tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presente a documentación ou da mesma se deducira que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

14. CONTRATACIÓN E CHAMAMENTOS

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, a Alcaldía decretará a contratación como persoal laboral fixo-descontinuo as persoas aspirantes propostas, sendo nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios electrónico do concello, así como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Previamente á sinatura do contrato, as/os aspirantes contratados/as deberán subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

As/os aspirantes estarán obrigadas a realizar un recoñecemento médico, así como, un curso teórico-práctico de formación sobre prevención de riscos laborais que será impartido por persoal competente na materia no horario e lugar que estableza o Concello de Carballo. Este curso será obrigatorio, aínda que o recibisen en anos anteriores.

A non superación do recoñecemento médico ou ben a non realización do referido curso, será causa de resolución do contrato do traballador/a seleccionado/a, sen prexuízo das posibles accións que procedan por incorrer en falsidade na declaración xurada.

Mentres non se formalicen os respectivos contratos e non se incorporen ao posto de traballo, as/os aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedarán sometidas a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estarán suxeitas á lexislación laboral pertinente.

15. ELABORACIÓN DE LISTAXES DE PERSOAL LABORAL FIXO-DESCONTINUO

Na acta da última sesión o tribunal elaborará unha listaxe de reserva na que figurarán aquelas persoas aspirantes que tiveran superado o primeiro exercicio da fase de oposición, en orde decrecente de puntuación, aos efectos de poder, se así se considera, ser contratados eventualmente para cubrir provisionalmente as vacantes que se produzan ou as ausencias por disfrute de licencias regulamentarias, por incapacidade temporal, necesidades do servizo, etc., En todo caso terán preferencia os/as aspirantes con maior número de exercicios aprobados. Os posibles empates na puntuación dos/as aspirantes que haxan de formar parte de dita lista de espera serán dirimidos antes da publicación da listaxe, atendendo á orde alfabética, de acordo coa letra á que se refire a base 9.4.

Esta listaxe de agarda para a cobertura temporal das prazas convocadas terán unha vixencia de tres (3) anos, a computar dende o día seguinte a súa aprobación definitiva, sen prexuízo de que se poidan realizar novas convocatorias antes da finalización da vixencia desta por necesidade de persoal, que poñan fin a vixencia da mesma.

A xestión desta listaxe de agarda de persoal laboral fixo-descontinuo realizarase segundo o indicado na Instrución vixente sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para a contratación de persoal do Concello de Carballo.

16. RECURSOS

Contra estas bases e a súa convocatoria poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, ou ben recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o seguinte ao da súa publicación no indicado boletín, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da Coruña, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 01 de outubro e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, significándolle que no caso de interpoñer recurso de reposición, non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Así mesmo, a Administración poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións do Tribunal, conforme ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

ANEXO I: TEMARIO

Tema 1. A Constitución Española de 1978: Principios Xerais e Estrutura. Dereitos fundamentais e Liberdades públicas. Garantías e Suspensión dos dereitos e liberdades.

Tema 2. O persoal ao servizo das Administracións Públicas. O persoal laboral fixo-descontinuo.

Tema 3. Socorrismo. Principios xerais. Salvamento e socorrismo acuático profesional.

Tema 4. Plan de actuación en zonas de baño. Praias e augas oceánicas e continentais.

Tema 5. Plan de autoprotección.

Tema 6. Anatomía e fisioloxía. Conceptos xerais. Sistemas e aparatos.

Tema 7. Traumatismos. Lesións e contusións. Feridas. Hemorraxias.

Tema 8. Queimaduras. Trastornos térmicos.

Tema 9. Intoxicacións. Picaduras e mordeduras. Accidentes acuáticos.

Tema 10. Shock. Cadros convulsivos. Reanimación cardiopulmonar.

ANEXO II - MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

APELIDOS	
NOME	
DNI	
DATA DE NACEMENTO	
NACIONALIDADE	
ENDEREZO POSTAL vía, número, piso, código postal, concello, provincia	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	
TELÉFONO	

EXPOÑO:

I. Que desexo participar no **PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PERSOAL LABORAL FIXO-DESCONTINUO, EN QUENDA LIBRE, DE VINTE E OITO (28) PRAZAS DE SOCORRISTA PARA A UNIDADE DE SALVAMENTO E SOCORRISMO ACUÁTICO QUE PRESTARA SERVIZO NAS PRAIAS DO CONCELLO DE CARBALLO, INCLUÍDAS NA OEP 2024 ORDINARIA.**

II. Que declaro, baixo a miña responsabilidade, reunir todos os requisitos esixidos para poder participar do antedito proceso selectivo (referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación desta solicitude), segundo o previsto nas súas bases reguladoras, que coñezo e acepto; declarando, asemade, a veracidade do que aquí expoño, así como dos datos que figuran nesta instancia, comprométome a xustificalo documentalmente cando así sexa requirido, e nos termos do disposto nas propias bases reguladoras.

Polo exposto, **SOLICITO:**

Ser admitido/a no dito proceso selectivo; achegando, para estes efectos, e con arranxo ao disposto na base sexta das bases reguladoras do mesmo, a seguinte documentación:

- ☐ DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da miña identidade e nacionalidade.
- ☐ Xustificante da inscrición no Rexistro Profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia (sección: socorristas en espazos acuáticos naturais), ou en defecto de inscrición, solicitude de inscrición no citado rexistro, segundo o disposto nas bases reguladoras.
- ☐ Declaración responsable segundo o disposto nas bases reguladoras (Base 6.5.c)).
- ☐ Relación de méritos (índice dos mesmos) xunto coa documentación xustificativa destes.
- ☐ Xustificante acreditativo de ter ingresado na Tesourería Municipal a cantidade de dezaioito euros (18,00 €) en concepto de dereitos de exame, consonte á Ordenanza Fiscal núm.26, reguladora da taxa por prestación de servizos administrativos en procesos selectivos de persoal.
- ☐ Solicito a bonificación da cota tributaria da taxa en concepto de dereitos de exame
- ☐ Cumpro os requisitos e achego xunto con esta instancia a documentación necesaria para solicitala.
- ☐ Documento acreditativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do CELGA 2 ou equivalente.
- ☐ Como aspirante coa condición legal de persoa con discapacidade achego certificación, documentación acreditativa de dita condición, e da miña compatibilidade coas funcións e tarefas propias da vacante convocada, nos termos do previsto, ao efecto, nas bases reguladoras.
 - ☐ Solicito adaptación/axustes para o desenvolvemento do proceso selectivo.
 - ☐ Achego xunto con esta instancia necesidades específicas de adaptación/axustes solicitadas.

Idioma do exame:

- ☐ Galego
- ☐ Castelán

Carballo, de de 2025

AO SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO

Información básica sobre protección de datos

☐ Acepto a política de privacidade e protección de datos.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE CARBALLO, con dirección en PRAZA DO CONCELLO S/N, 15100 - CARBALLO (A CORUÑA); dpd@carballo.gal. O Delegado de Protección de Datos do Concello De Carballo é APDTIC PROFESIONALES S.L.. có que poderá contactar en dpd@carballo.gal. Os datos serán utilizados en relación có desenvolvemento do proceso selectivo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, o Concello De Carballo dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: dpd@carballo.gal.

Carballo, a 11 de novembro de 2025

Alcalde

José Daniel Pérez López

2025/7484